

Título II: «Organización institucional», composto polos seguintes artigos e capítulos:

Artigo quince.

Capítulo I: «Do Parlamento da Rioxa», que abrangue os artigos dezaseis a vintedous, ambos incluídos.

Capítulo II: «Do presidente da Comunidade Autónoma da Rioxa», que abrangue o artigo vintetrés.

Capítulo III: «Do Goberno», que abrangue os artigos vintecatro e vintecinco.

Título III: «Da Administración e Réxime Xurídico», composto polos seguintes capítulos:

Capítulo I: «Da Administración pública», que abrangue os artigos do vinteseis ó trinta e tres, ambos incluídos.

Capítulo II: «Da Administración de Xustiza», que abrangue os artigos trinta e catro a corenta e dous, ambos incluídos.

Título IV: «Do financiamento da Comunidade», composto polos seguintes capítulos:

Capítulo I: «Economía e Facenda», que abrangue os artigos do corenta e tres ó cincuenta e cinco, ambos incluídos.

Capítulo II: «Orzamentos», que abrangue o artigo cincuenta e seis.

Capítulo III: «Débeda pública, crédito e política financeira», que abrangue o artigo cincuenta e sete.

Título V: «Da reforma do estatuto», que abrangue o artigo cincuenta e oito.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 7 de xaneiro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

458 *LEI ORGÁNICA 3/1999, do 8 de xaneiro, de reforma da Lei orgánica 2/1983, do Estatuto de autonomía das Illes Balears.* («BOE» 8, do 9-1-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Quince anos despois da vixencia do Estatuto de autonomía das Illes Balears, aprobado pola Lei orgánica 2/1983, do 25 de febreiro, modificado pola Lei orgánica 9/1994, do 24 de marzo, e complementado pola Lei orgánica 2/1996, do 15 de xaneiro, mediante a cal se transfería ás Illes Balears, pola vía do artigo 150.2 da Constitución española, a competencia de execución da lexislación do Estado en materia de comercio interior, considerouse conveniente incidir novamente na ampliación do teito competencial da nosa Comunidade Autónoma, para que así as Illes Balears consigan un nivel máis alto de autogoberno, recoñecendo así a nosa propia identidade histórica como pobo.

Os traballos levados a cabo por unha ponencia creada en 1997 permitiron chegar a un texto que, malia non ser asumido integramente por ningún dos intervinientes nos traballos, si obtivo a sinatura de tódolos grupos parlamentarios da Cámara. Aquel texto serviu de punto de partida para chegar á proposta de reforma que se presenta precedida desta exposición de motivos. E esta proposta en ningún caso debería ser considerada punto e final das aspiracións de autogoberno dos pobos de Mallorca, Menorca, Eivissa e Formentera, senón un punto e seguido que permita continuar traballando en diante para chegar a acadar a cota de participación política que en razón da nosa historia nos corresponde.

Artigo primeiro.

Os artigos da Lei orgánica 2/1983, do 25 de febreiro, do Estatuto de autonomía das Illes Balears, modificada pola Lei orgánica 9/1994, do 24 de marzo, que se relacionan, quedan modificados da seguinte forma:

1. Artigo 1: o artigo 1 terá a redacción seguinte:

«1. As Illes Balears, como expresión da súa identidade histórica e da súa singularidade, no exercicio do dereito ó autogoberno que a Constitución lles reconece ás nacionalidades e rexións, constitúese en Comunidade Autónoma no marco da Constitución e do presente estatuto.

2. A denominación da Comunidade Autónoma é Illes Balears.»

2. Artigo 3.

«1. A lingua catalana, propia das Illes Balears, terá, xunto coa castelá, o carácter de idioma oficial.

2. Todos teñen o dereito de coñecerla e utilizala, e ninguén poderá ser discriminado por razón do idioma.

3. As institucións das Illes Balears garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas, tomarán as medidas necesarias para asegura-lo seu coñecemento e crearán as condicións que permitan chegar á igualdade plena das dúas linguas en canto ós dereitos dos cidadáns das Illes Balears.»

3. O artigo 4 terá a seguinte redacción:

«1. A bandeira das Illes Balears, integrada por símbolos distintivos lexitimados historicamente, estará constituída por catro barras vermellas horizontais sobre fondo amarelo, cun cuarteirón situado na parte superior esquerda de fondo morado e cun castelo branco de cinco torres no medio.

2. Cada illa poderá te-la súa bandeira e símbolos distintivos propios, por acordo do consello insular respectivo.»

4. Artigo 6. Modifícase o número 2, que ten o texto seguinte:

«2. Os estranxeiros que, tendo veciñanza en calquera dos municipios das Illes Balears, adquiren a nacionalidade española, quedarán suxeitos ó dereito civil das Illes Balears mentres manteñan esta veciñanza e agás no caso de que manifesten a súa vontade en sentido contrario.»

5. Artigo 7.

«As normas e disposicións dos poderes públicos da Comunidade Autónoma das Illes Balears e o seu dereito civil, terán eficacia territorial, sen prexuízo das excepcións que se poidan establecer en cada materia e das situacións que se deban rexer polo estatuto persoal ou por outras normas extraterritoriais.»

6. Artigo 10.

«A Comunidade Autónoma ten a competencia exclusiva nas seguintes materias:

1. Organización, réxime e funcionamento das súas institucións de autogoberno no marco do presente Estatuto.

2. Alteracións dos termos municipais e denominación oficial dos municipios e topónimos.

3. Ordenación do territorio, incluído o litoral, urbanismo e vivenda.

4. Obras públicas no territorio da Comunidade Autónoma que non sexan de interese xeral do Estado.

5. Ferrocarrís, estradas e camiños. O transporte realizado por estes medios, por cable e por tubo. Portos, aeroportos e heliportos non cualificados de interese xeral polo Estado, e portos de refuxio, portos, aeroportos e heliportos deportivos.

6. Transporte marítimo, exclusivamente entre portos ou puntos da Comunidade Autónoma sen conexión con outros portos ou puntos doutros ámbitos territoriais.

7. Centros de contratación e terminais de carga en materia de transportes.

8. Réxime de augas e aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos. Augas minerais e termais. Ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos.

9. Montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pastos.

Tratamento especial das zonas de montaña.

10. Agricultura e gandería, de acordo coa ordenación xeral da economía.

11. Turismo.

12. Deporte e lecer.

13. Xuventude e terceira idade.

14. Acción e benestar sociais. Desenvolvemento comunitario e integración. Sanidade e hixiene.

15. Artesanía.

16. Vixilancia e protección dos seus edificios e instalacións. Coordinación e tódalas demais facultades, en relación coas policía locais, nos termos que estableza unha lei orgánica.

17. Feiras e mercados interiores.

18. Fomento do desenvolvemento económico dentro do territorio da Comunidade Autónoma, de acordo coas bases e a coordinación xeral da actividade económica.

19. Pesca e actividades recreativas en augas interiores, cría e recollida de marisco, acuicultura e caza.

20. Arquivos, bibliotecas e museos que non sexan de titularidade estatal. Conservatorios de música, servizos de belas artes, hemerotecas e institucións similares.

21. Patrimonio monumental, cultural, histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, científico e paisaxístico de interese para a Comunidade Autónoma, sen prexuízo do disposto polo artigo 149.1.28.^a da Constitución.

22. Cultura.

23. Conservación, modificación e desenvolvemento do dereito civil da Comunidade Autónoma.

24. Ordenación da Facenda da Comunidade Autónoma, de acordo co establecido neste Estatuto.

25. Casinos, xogos e apostas, con exclusión das apostas mutuas deportivo-benéficas.

26. Cooperativas, pósitos e mutualismo non integrado no sistema da Seguridade Social, respectando a lexislación mercantil.

27. Espectáculos e actividades recreativas.

28. Estatísticas de interese da Comunidade Autónoma.

29. Fundacións que desenvolvan principalmente as súas funcións na Comunidade Autónoma.

30. Industria, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado por razóns de seguridade, sanitarias ou de interese militar, e as normas relacionadas coas industrias que estean suxeitas á lexislación de minas, hidrocarburos e enerxía nuclear. O exercicio da competencia realizarase de acordo coas bases e a ordenación da actividade económica xeral e a política monetaria do Estado, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e números 11 e 13 do número 1 do artigo 149 da Constitución.

31. Instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía, cando o transporte non saia da Comunidade e o seu aproveitamento non afecte a outra Comunidade Autónoma. Todo iso sen prexuízo do establecido nos números 22 e 25 do número 1 do artigo 149 da Constitución.

32. Procedemento administrativo derivado das especialidades da organización propia.

33. Publicidade, sen prexuízo das normas dadas polo Estado para sectores e medios específicos, de acordo cos números 1, 6 e 8 do número 1 do artigo 149 da Constitución.

34. Servicio meteorolóxico da Comunidade Autónoma.

35. Institucións públicas de protección e tutela de menores.

36. Establecementos de bolsas de valores e establecemento e regulación de centros de contratación de mercadorías conforme a lexislación mercantil.

37. Caixas de aforro e institucións de crédito cooperativo público e territorial, no marco da ordenación xeral da actividade económica e de acordo coas disposicións que dentro das súas facultades dicte o Estado.

38. Comercio interior sen prexuízo da política xeral de prezos da libre circulación de bens no territorio do Estado e da lexislación sobre defensa da competencia.

39. Denominacións de orixe e demais indicacións de procedencia relativas ós produtos da Comunidade Autónoma en colaboración co Estado.

40. Investigación científica e técnica en colaboración co Estado.

En exercicio destas competencias, corresponde-ranlle á Comunidade Autónoma a potestade lexislativa, a potestade regulamentaria e a función executiva.»

7. Artigo 11.

«No marco da lexislación básica do Estado e, se é o caso, nos termos que esta estableza, correspóndelle á Comunidade Autónoma das Illes Balears o desenvolvemento lexislativo e a execución das seguintes materias:

1. Réxime de responsabilidade da Administración da Comunidade Autónoma e da Administración local, de conformidade co disposto no número 1.18.^a do artigo 149 da Constitución.

2. Réxime local.

3. As normas procesuais e de dereito administrativo derivadas das peculiaridades do dereito

substantivo das Illes Balears ou das especiais da organización da Comunidade Autónoma.

4. Estatuto dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma e da Administración local, sen prexuízo do que dispón o número 18 do número 1 do artigo 149 da Constitución.

5. Coordinación hospitalaria, incluída a da Seguridade Social.

6. Contratos e concesións administrativas no ámbito substantivo de competencias da Comunidade Autónoma.

7. Protección do medio. Normas adicionais de protección. Espacios naturais protexidos. Ecoloxía.

8. Ordenación e planificación da actividade económica das Illes Balears, no exercicio das competencias asumidas no marco deste Estatuto.

9. Defensa dos consumidores e usuarios, de acordo coas bases e a ordenación da actividade económica xeral e a política monetaria do Estado, as bases e a coordinación xeral da sanidade, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e nos números 11, 13 e 16 do número 1 do artigo 149 da Constitución.

10. Réxime mineiro e enerxético.

11. Prensa, radio, televisión e outros medios de comunicación social, no marco das normas básicas que o Estado estableza de acordo co número 27 do número 1 do artigo 149 da Constitución.

12. Ordenación do sector pesqueiro.

13. Actividades clasificadas.

14. Ordenación farmacéutica, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.16.^a da Constitución.

15. Corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

16. Sistemas de consultas populares no ámbito das Illes Balears, de conformidade co que dispoña a lei a que se refire o artigo 92.3 da Constitución e demais leis do Estado nos termos previstos no artigo 149.1.32.^a da Constitución.»

8. Artigo 12.

«Correspóndelle á Comunidade Autónoma das Illes Balears, nos termos que establezan as leis e as normas regulamentarias que en desenvolvemento da súa lexislación dicte o Estado, a función executiva nas seguintes materias:

1. Execución, dentro do seu territorio, dos tratados e convenios internacionais e dos actos normativos das institucións supranacionais, no que afecten as materias propias da competencia da Comunidade Autónoma.

2. Expropiación forzosa.

3. Ordenación do transporte de viaxeiros e mercadorías que teñan a súa orixe e destino dentro do territorio da Comunidade Autónoma, sen prexuízo da execución directa que reserve para si a Administración xeral do Estado.

4. Protección civil.

5. Asociacións.

6. Feiras internacionais.

7. Xestión das prestacións e servizos sociais dentro do sistema de Seguridade Social: INSERSO. A determinación das prestacións do sistema, os requisitos para establece-la condición de beneficiario e o financiamento efectuaranse de acordo coas normas establecidas polo Estado no exercicio das súas competencias, de conformidade co que dispón o número 17 do número 1 do artigo 149 da Constitución.

8. Xestión da asistencia sanitaria da Seguridade Social, de acordo co que prevé o número 17 do número 1 do artigo 149 da Constitución, reservando o Estado para si a alta inspección conducente ó cumprimento da función a que se refire este precepto.

9. Xestión de museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal que non reserve para si o Estado. Os termos da xestión serán fixados mediante convenios.

10. Pesos e medidas. Contraste de metais.

11. Plans establecidos polo Estado para a implantación ou reestructuración de sectores económicos.

12. Productos farmacéuticos.

13. Propiedade industrial.

14. Propiedade intelectual.

15. Laboral. De conformidade co número 7 do número 1 do artigo 149 da Constitución, correspóndelle ó Estado a competencia sobre lexislación laboral e a alta inspección. Quedan reservadas ó Estado tódalas competencias en materia de migracións interiores e exteriores, fondos de ámbito nacional e de emprego, sen prexuízo do que establezan as normas do Estado sobre estas materias.

16. Salvamento marítimo.

17. Crédito, banca e seguros, de acordo cos puntos 6, 11 e 13 do número 1 do artigo 149 da Constitución.

18. Sector público estatal no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, que participará nas actividades que proceda.

19. Portos e aeroportos con cualificación de interese xeral, cando o Estado non reserve para si a súa xestión.»

9. Artigo 14.

«A Comunidade Autónoma ten competencia exclusiva para o ensino da lingua catalana, propia das Illes Balears, de acordo coa tradición literaria autóctona. A súa normalización será un obxectivo dos poderes públicos da Comunidade Autónoma. As modalidades insulares do catalán serán obxecto de estudo e protección, sen prexuízo da unidade do idioma.»

10. Artigo 15. O número 2 deste artigo terá o seguinte contido:

«2. Para garantir unha prestación homoxénea e eficaz do servizo público da educación que permita corrixi-las desigualdades ou desequilibrios que poidan producirse, a Comunidade Autónoma facilitaralle á Administración xeral do Estado a información que esta lle solicite sobre o funcionamento do sistema educativo nos seus aspectos cualitativos e cuantitativos, e colaborará coa Administración xeral do Estado nas actuacións de seguimento e avaliación do sistema educativo.»

11. Artigo 16.

«A Comunidade Autónoma, logo de acordo do Parlamento, adoptado por maioría absoluta, poderá ampliar-lo ámbito das súas competencias en materias que non estean atribuídas en exclusiva ó Estado, ou que só estean atribuídas as bases ou principios. O acordo de asumi-las novas competencias someterase ás Cortes Xerais para a súa aprobación, mediante lei orgánica.»

12. O artigo 17 terá a seguinte redacción:

«Un. En materia de prestación e de xestión de servizos propios da Comunidade Autónoma, esta poderá subscribir convenios con outras comunidades autónomas. Estes acordos deberán ser adoptados polo Parlamento e comunicados ás Cortes Xerais, e entrarán en vigor ós trinta días desta comunicación, salvo que estas, no prazo citado, consideren que se trata dun acordo de cooperación, segundo o disposto no número 2 do artigo 145 da Constitución.

Dous. A Comunidade Autónoma poderá tamén establecer acordos de cooperación con outras comunidades autónomas, logo de autorización das Cortes Xerais.

Tres. A Comunidade Autónoma das Illes Balears será informada na elaboración dos tratados e convenios internacionais e nas negociacións de adhesión a estes. Recibida a información, esta emitirá, se é o caso, o seu parecer.

Catro. A Comunidade Autónoma das Illes Balears poderá solicitar do Goberno do Estado a subscripción de tratados ou convenios internacionais en materia de interese para as Illes Balears e, en especial, os derivados da súa condición de insularidade ou para o fomento da súa cultura.»

13. Artigo 19. Modifícase o número 3, que ten o texto seguinte:

«3. A sede do Parlamento das Illes Balears está na cidade de Palma.»

14. Artigo 20. Modifícase o número terceiro e créase un novo número 4, que ten os textos seguintes:

«3. Unha lei do Parlamento, aprobada por maioría absoluta, regulará o total de deputados que o han integrar, as circunscricións electorais e o número de deputados que lle corresponderá elixir a cada unha delas, así como as causas de inelixibilidade e de incompatibilidade que lles afecten.

4. O Parlamento constituirase nun prazo máximo de trinta días despois da celebración das eleccións.»

15. Artigo 23.

«1. Os deputados do Parlamento das Illes Balears non estarán vinculados por ningún mandato imperativo e gozarán, mesmo despois de cesaren no seu mandato, de inviolabilidade polas opinións manifestadas e polos votos emitidos no exercicio do seu cargo. Durante o seu mandato non poderán ser detidos nin retidos, salvo no caso de flagrante delicto; en todo caso, corresponderalle decidir a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ó Tribunal Superior de Xustiza das Illes Balears. Fóra do ámbito territorial da Comunidade Autónoma, a responsabilidade penal seralles esixible nos mesmos termos perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

2. O voto dos deputados é persoal e indelegable.»

16. Artigo 24. Modifícase o número 4, que ten o texto seguinte:

«4. O Parlamento reunirse durante oito meses ó ano, en dous períodos de sesións comprendidos entre setembro e decembro, o primeiro, e entre febreiro e xuño, o segundo.

O Parlamento reunirse en sesión extraordinaria, por petición do Goberno ou por acordo da Deputación Permanente ou do Pleno, por proposta dunha quinta parte dos deputados. A sesión extraordinaria clausurarase ó esgota-la orde do día determinada pola cal se convocou.»

17. Artigo 27.

«1. O Parlamento, mediante a elaboración de leis, exerce a potestade lexislativa. O Parlamento poderá delegar no Goberno da Comunidade Autónoma a potestade de dictar normas con categoría de lei, nos mesmos termos e supostos de delegación previstos nos artigos 82, 83 e 84 da Constitución. Non poderá ser obxecto de delegación a aprobación das leis que necesitan, para seren aprobadas, unha maioría especial ou que esta maioría se consiga polo voto favorable computado de forma separada dos parlamentarios que representen, polo menos, dúas illas diferentes.

2. As leis do Parlamento serán promulgadas en nome do rei polo presidente da Comunidade Autónoma, quen ordenará a súa publicación no "Butlletí Oficial de les Illes Balears", no prazo dos quince días seguintes á súa aprobación, así como tamén no "Boletín Oficial del Estado". Para efectos da súa vixencia, rexerá a data de publicación no "Butlletí Oficial de les Illes Balears". A versión oficial castelá será a que transmita a Presidencia da Comunidade Autónoma.»

18. Artigo 28. Os números 1 e 2 terán o seguinte texto:

«Correspóndelle ó Parlamento:

1. Designar, en aplicación do criterio de representación proporcional, o senador ou os senadores que han de representa-las Illes Balears no Senado, de acordo co establecido no artigo 69.5 da Constitución. Os designados cesarán nos casos previstos no ordenamento xurídico e, en todo caso, ó concluí-la lexislatura do Parlamento das Illes Balears na que foron designados, unha vez tomen posesión os novos senadores. No suposto de disolución do Senado, o Parlamento das Illes Balears entregará as credenciais da designación dos mesmos senadores, que continuarán o seu mandato ata que finalice a lexislatura do Parlamento e sexan designados os novos senadores.

2. Elaborar proposicións de lei, presentalas á Mesa do Congreso dos Deputados e nomear un máximo de tres deputados encargados de defendelas, de conformidade co que permite o artigo 87.2 da Constitución.»

19. Artigo 29.

«O Parlamento, mediante lei, creará a institución da Sindicatura de Greuges para a defensa das liberdades e dos dereitos fundamentais dos cidadáns, así como para supervisar e investiga-las actividades da Administración das Illes Balears. O síndico será elixido polo Parlamento, pola maioría favorable das tres quintas partes dos deputados da Cámara. O síndico actuará como alto comisionado do Parlamento, e renderalle contas da súa actividade.»

20. O artigo 31 pasa a se-lo artigo 30. Modifícase o número 1, que ten o contido seguinte:

«1. O presidente das Illes Balears será elixido polo Parlamento de entre os seus membros, e será nomeado polo rei.»

21. O artigo 32 pasa a se-lo artigo 31. Modifícanse os números 1, 3, 5, 6, 8 e 9, que teñen o contido seguinte:

«1. O presidente das Illes Balears nomea e separa os membros que han de forma-lo Goberno, dirixe e coordina a acción do Goberno e desempeña a máis alta representación da Comunidade Autónoma, así como a ordinaria do Estado nas Illes Balears.»

«3. O presidente, logo de deliberación do Goberno, poderá propor perante o Parlamento a cuestión de confianza sobre o seu programa ou sobre unha declaración de política xeral. A confianza considerarase outorgada cando vote a favor dela a maioría simple.

Se o Parlamento negase a súa confianza, o presidente presentará a súa dimisión perante o Parlamento, e o presidente deste convocará, no prazo máximo de quince días, a sesión plenaria para a elección dun novo presidente da Comunidade Autónoma, de acordo co procedemento previsto no presente Estatuto.»

«5. Se a moción de censura non fose aprobada, os que a asinasen non poderán presentar outra durante o mesmo período de sesións. Se fose aprobada, o presidente e o seu Goberno cesarán nas súas funcións, e o candidato que se incluíse será nomeado presidente polo rei.

6. A responsabilidade penal do presidente será esixible nos mesmos termos que se sinalan para os deputados do Parlamento das Illes Balears.»

«8. En caso de ausencia ou enfermidade do presidente, desempeñará a representación das Illes Balears o presidente do Parlamento, sen prexuízo de que o Goberno estea interinamente presidido por un dos seus membros designado polo presidente.

9. O presidente non poderá desempeñar ningún outro cargo público no ámbito das Illes Balears.»

22. A rúbrica do capítulo III do título III queda da seguinte forma: «O Goberno das Illes Balears».

23. O artigo 33 pasa a se-lo artigo 32. Os números 1, 2, 4 e 6 quedan redactados da seguinte forma:

«1. O Goberno das Illes Balears é o órgano colexiado con funcións executivas e administrativas.

2. O Goberno está composto polo presidente, o vicepresidente, se é o caso, e os conselleiros.»

«4. O Goberno responde politicamente de maneira solidaria perante o Parlamento, sen prexuízo da responsabilidade directa de cada un dos seus membros pola súa xestión.»

«6. A sede do Goberno será a cidade de Palma, pero poderá reunirse en calquera lugar do territorio da Comunidade Autónoma, logo de convocatoria.»

24. O artigo 36 pasa a se-lo artigo 35.

«Tódalas normas, as disposicións e os actos emanados do Goberno e da Administración da Comunidade Autónoma que o requiran, publicaranse no "Butlletí Oficial de les Illes Balears". Para tódolos efectos, esta publicación será suficiente para a validez dos actos e para a entrada en vigor das disposicións e as normas da Comunidade Autónoma. A publicación no "Boletín Oficial del Estado" realizarase de acordo coa normativa dictada polo Estado.»

25. O artigo 38 pasa a se-lo artigo 37.

«1. Cada un dos Consellos Insulares estará integrado polos deputados elixidos para o Parlamento nas illas de Mallorca, Menorca, Eivissa e Formentera.

2. Os cargos de presidente das Illes Balears, de presidente do Parlamento, de membro do Goberno, de senador da Comunidade Autónoma e de voceiro de grupo parlamentario, exceptuando o do Grupo Mixto, se é o caso, son incompatibles co de conselleiro insular.

A incompatibilidade subsistirá en caso de cesamento, por calquera causa, no exercicio dos cargos incompatibles.

No Consello que lles corresponda serán substituídos por aqueles candidatos que ocupen o lugar seguinte ó último elixido nas listas electorais correspondentes. Os conselleiros insulares substituídos non terán a condición de deputado.

3. O membro dun Consello Insular que resulte elixido para ocupa-lo cargo vacante de presidente das Illes Balears, de presidente do Parlamento, de membro do Goberno, de senador da Comunidade Autónoma ou de voceiro de grupo parlamentario, cesará na condición de conselleiro insular, e a vacante que deixe no propio Consello será cuberta por aquel candidato que ocupe o lugar seguinte ó do último designado como tal na súa lista electoral.

4. Os deputados poderán renunciar a ser membros do Consello Insular respectivo sen perderen a condición de deputado. Neste suposto, a Xunta Electoral das Illes Balears procederá a expedirle a correspondente credencial a aquel candidato que ocupe o lugar seguinte ó do último designado como tal na súa lista electoral.

Así mesmo, os conselleiros insulares poderán renunciar á condición de deputado sen perderen a condición de conselleiros.

As renuncias nun ou outro sentido son irreversibles.

5. As renuncias a que fai referencia o número anterior quedan limitadas a que o conxunto de cargos incompatibles, establecidos no número 2, e o das renuncias voluntarias non superen o cincuenta por cento dos electos de cada candidatura en cada circunscrición electoral. Non queda afectado pola limitación o deputado elixido pola circunscrición de Formentera.

6. O conselleiro insular que non desempeñase o cargo de deputado, por ter substituído un dos incompatibles ou un deputado dos que voluntariamente renunciaran ó cargo de conselleiro, expediráselle credencial de deputado ó Parlamento das Illes Balears, no suposto de que quedase vacante o cargo por renuncia dun dos da súa lista electoral.»

26. Artigo 39.

«Os Consellos Insulares, ademais das competencias que lles correspondan como corporacións locais, terán a facultade de asumir no seu ámbito territorial a función executiva e a xestión na medida en que a Comunidade Autónoma asuma competencias sobre estas, de acordo co presente Estatuto, nas seguintes materias:

1. Demarcacións territoriais, alteracións dos termos municipais e denominación oficial dos municipios.

2. Montes e aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pastos.

3. Agricultura e gandería, de acordo coa ordeñación xeral da economía.
4. Pesca en augas interiores, marisqueo, acuicultura e caza.
5. Recursos e aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos, réxime xeral de augas. Augas minerais, termais e subterráneas.
6. Patrimonio arqueolóxico, histórico, artístico e monumental, arquivos e bibliotecas, museos, conservatorios e belas artes.
7. Asistencia social e servizos sociais. Promoción social da infancia, a muller, a familia, a terceira idade, os minusválidos físicos, psíquicos e sensoriais. Entidades benéficas e asistenciais.
8. Ordenación do territorio, urbanismo e vivenda, ambiente e ecoloxía.
9. Estradas, camiños, portos de refuxio e aeroportos deportivos e, en xeral, todos aqueles que non realicen actividades comerciais.
10. Transporte de viaxeiros e de mercadorías no seo do seu propio territorio insular.
11. Obras públicas.
12. Fomento e promoción do turismo. Ordenación do turismo dentro do seu ámbito territorial.
13. Deporte e lecer.
14. Estatísticas de interese insular.
15. Vixilancia e protección dos seus edificios e instalacións.
16. Feiras insulares. Denominacións de orixe.
17. Fomento da cultura.
18. Sanidade e hixiene.
19. Ensino.
20. Coordinación da protección civil.
21. Artesanía.
22. Cooperativas e cámaras.
23. Planificación e desenvolvemento económicos no territorio de cada unha das illas, de acordo coas bases e ordenación xeral da economía do Estado e da Comunidade Autónoma.
24. Contratos e concesións administrativas respecto das materias das que lles corresponda a xestión no seu territorio.
25. Actividades clasificadas.
26. Coordinación hospitalaria, incluída a da Seguridade Social.
27. Lexislación laboral do Estado.
28. Espectáculos e actividades recreativas.
29. Institucións públicas de protección e tutela de menores.
- E, en xeral, calquera outra que, no seu ámbito territorial, corresponda ós intereses respectivos, de acordo coas transferencias ou delegacións que para tal fin se establezan.»
27. O artigo 47 pasa a se-lo artigo 50. Modifícase o número 2, que ten o contido seguinte:
- «2. Na determinación das fontes do dereito civil das Illes Balears respectaranse as normas que nel se establezan.»
28. O artigo 48 pasa a se-lo artigo 51.
- «O Tribunal Superior de Xustiza das Illes Balears é o órgano xurisdiccional no que culmina a organización xudicial das Illes Balears no seu ámbito territorial correspondente, e ante o cal se esgotarán as sucesivas instancias procesuais, nos termos e nas condicións que resulten da Lei orgánica do poder xudicial e demais disposicións complementarias.»
29. O artigo 49 pasa a se-lo artigo 52. Modifícase o número 1.a), que ten o contido seguinte:
- «1. A competencia dos órganos xurisdiccionais das illas esténdese:
- a) Na orde civil, a tódalas instancias e graos, incluídos os recursos de casación e revisión, en materia de dereito civil das Illes Balears.»
30. O artigo 50 pasa a se-lo artigo 53.
- «1. O presidente do Tribunal Superior de Xustiza das Illes Balears será nomeado polo rei por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial. O presidente da Comunidade Autónoma ordenará a publicación deste nomeamento no "Butlletí Oficial de les Illes Balears".
2. O nomeamento de maxistrados, xuíces, fiscais e secretarios que deban prestar servizos nas Illes Balears efectuarase na forma prevista na Lei orgánica do poder xudicial a que fai referencia o artigo 122 da Constitución.»
31. O artigo 51 pasa a se-lo artigo 54. Incorpórase un novo número co número 2, sendo o número 2 actual o 3. O contido do número que se incorpora é o seguinte:
- «2. Na resolución dos concursos e oposicións para prove-los postos de maxistrados e xuíces valorarase como mérito preferente a especialización no dereito civil das Illes Balears e o coñecemento do catalán.»
32. O artigo 53 pasa a se-lo artigo 56. Queda redactado da seguinte forma:
- «1. A Comunidade Autónoma participará na fixación das demarcacións xudiciais e nas correspondentes ás notarías e ós rexistros da propiedade e mercantís radicados no seu territorio.
2. Os notarios, os rexistradores da propiedade e mercantís e os corredores de comercio serán nomeados pola Comunidade Autónoma, de conformidade coas leis do Estado. Para a provisión das ditas prazas, será mérito preferente a especialización en dereito civil das Illes Balears e o coñecemento da lingua catalana. En ningún caso poderán establecerse a excepción de natureza e veciñanza.»
33. O artigo 54 pasa a se-lo artigo 58. Engádesse un novo punto 5, que ten o texto seguinte:
- «5. Unha Lei das Cortes Xerais regulará o recoñecemento específico do feito diferencial da insularidade como garantía da solidariedade e do equilibrio interterritorial.»
34. O artigo 55 pasa a se-lo artigo 59. O punto 1 deste artigo ten a seguinte redacción:
- «1. O patrimonio da Comunidade Autónoma está integrado por:
- a) O patrimonio da Comunidade no momento de aprobarse o Estatuto.
- b) Os bens e dereitos afectados ós servizos traspasados á Comunidade Autónoma.
- c) Os bens e dereitos que a Comunidade Autónoma adquirise ou adquira por calquera título xurídico válido.»
35. O artigo 56 pasa a se-lo artigo 60.
- «Formarán a facenda da Comunidade Autónoma os seguintes recursos:
- a) Os ingresos procedentes do seu patrimonio.

- b) Os ingresos derivados das actividades de dereito privado que poida exercer.
- c) O rendemento dos seus propios impostos, taxas e contribucións especiais.
- d) Os tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado.
- e) As recargas sobre os impostos estatais.
- f) As participacións nos ingresos do Estado.
- g) O produto das multas e sancións no ámbito do exercicio das súas competencias.
- h) As asignacións que se establezan nos orzamentos xerais do Estado.
- i) As transferencias que procedan do Fondo de Compensación Interterritorial e doutros fondos para o desenvolvemento das Illes Balears.
- j) O produto das operacións de crédito.
- k) Calquera outro tipo de ingresos que poidan obterse en virtude das leis.

36. O artigo 62 pasa a se-lo artigo 66. Os números 3 e 4 quedan redactados da seguinte maneira:

«3. A débeda pública da Comunidade Autónoma e os títulos valores de carácter equivalente emitidos por esta estarán suxeitos ás mesmas normas e gozarán dos mesmos beneficios e condicións cá débeda pública do Estado.

4. O volume e as características das emisións estableceranse de acordo coa ordenación xeral da política crediticia e en coordinación co Estado.»

37. O artigo 66 pasa a se-lo artigo 72. Modifícase o número d), que ten o texto seguinte:

«d) A tutela financeira sobre os entes locais, sen prexuízo da autonomía que a Constitución establece e do que dispoñan as leis de transferencia ós Consellos Insulares.»

38. O artigo 67 pasa a se-lo artigo 75. Dáselle nova redacción ó número 4, que ten o texto seguinte:

«4. A Comunidade Autónoma promoverá eficazmente as diversas formas de participación na empresa e fomentará, mediante unha lexislación adecuada, as sociedades cooperativas. Tamén establecerá os medios que faciliten o acceso dos traballadores á propiedade dos medios de produción.»

39. O artigo 68 pasa a se-lo artigo 76.

«1. A iniciativa de reforma corresponderalle ó Parlamento, por proposta dunha quinta parte dos deputados, ó Goberno da Comunidade Autónoma e ás Cortes Xerais.

2. A proposta de reforma requirirá, para prosperar, a aprobación do Parlamento por maioría absoluta e a aprobación das Cortes Xerais mediante unha lei orgánica.

3. No non previsto neste artigo, aplicarase o que sobre esta materia dispón a Constitución.

4. No suposto de tramitación no Congreso dos Deputados e no Senado dunha proposta de reforma do Estatuto de autonomía das Illes Balears, o Parlamento poderá retirala.»

40. Disposición adicional segunda.

«A Comunidade Autónoma das Illes Balears, sendo a lingua catalana tamén patrimonio doutras comunidades autónomas, poderá solicitarlle ó Goberno do Estado e ás Cortes Xerais os convenios de cooperación e de colaboración que se consi-

deren oportunos co fin de salvagarda-lo patrimonio lingüístico común, así como efectua-la comunicación cultural entre as comunidades antes citadas, sen prexuízo dos deberes do Estado establecidos no número 2 do artigo 149 da Constitución, e do que dispón o artigo 145 desta.

A institución oficial consultiva para todo aquilo que se refira á lingua catalana será a Universidade das Illes Balears. A Comunidade Autónoma das Illes Balears, de acordo cunha lei do Estado, poderá participar nunha institución dirixida a salvagarda-la unidade lingüística, institución que será integrada por todas aquelas comunidades que recoñezan a cooficialidade da lingua catalana.»

41. Disposición adicional terceira.

«1. Cédenselle á Comunidade Autónoma os rendementos dos seguintes tributos:

a) Imposto sobre a renda das persoas físicas, cos límites e condicións que se establezan na cesión.

b) Imposto sobre o patrimonio.

c) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

d) Imposto de sucesións e doazóns.

e) A imposición xeral sobre as vendas en fase retalista.

f) Os impostos sobre consumos específicos na súa fase retalista, salvo os recadados mediante monopolios fiscais.

g) Os tributos sobre o xogo.

A eventual supresión ou modificación dalgúns destes tributos implicará a extinción ou modificación da cesión.

2. O contido desta disposición poderá modificarse mediante acordo do Goberno coa Comunidade Autónoma, que será tramitado como proxecto de lei nas Cortes Xerais. Para estes efectos, a modificación desta disposición non se entenderá como modificación do Estatuto.»

42. Disposición adicional cuarta.

«O Consello Insular de Eivissa e Formentera poderá darlle ó Concello de Formentera participación na xestión das competencias que lle atribuísen por lei do Parlamento. A encomenda de xestión efectuarase por acordo do Consello Insular, logo de conformidade do Concello de Formentera. O acordo de encomenda de xestión concretará as condicións económicas e os medios humanos e materiais que se adscriban.»

43. A disposición transitoria cuarta pasa a se-la disposición transitoria primeira. Os números 1, 2 e 3, que se transcriben a continuación, substitúen o primeiro parágrafo e os números 1, 2 e 3.

«1. Para o traspaso de funcións e de servicios inherentes ás competencias que corresponden á Comunidade Autónoma das Illes Balears segundo o presente Estatuto, crearase unha comisión mixta.

2. A comisión mixta estará integrada paritariamente por vocais designados polo Goberno da Nación e polo da Comunidade Autónoma. Esta comisión mixta establecerá as súas propias normas de funcionamento.

3. Os acordos da comisión mixta adoptarán a forma de proposta ó Goberno do Estado, o cal os aprobará mediante decreto.

Os acordos figurarán como anexos a este e deberán ser publicados asemade no "Boletín Oficial del Estado" e no "Butlletí Oficial de les Illes Balears", e entrarán en vigor a partir desta publicación.»

44. A disposición transitoria quinta pasa a se-la disposición transitoria segunda.

«1. Os funcionarios e o persoal laboral adscritos a servicios de titularidade estatal ou a outras institucións públicas que resulten afectadas por traspasos á Comunidade Autónoma, pasarán a depender desta, e seranlles respectados tódolos dereitos de calquera orde e natureza que lles correspondan, incluído o de poder participar nos concursos de traslados que convoque o Estado, en igualdade de condicións cos demais membros do seu corpo, para así poder exercer en todo momento o seu dereito permanente de opción.

2. A Comunidade Autónoma das Illes Balears disporá dos medios necesarios para que tódolos funcionarios e o persoal laboral destinados ás illas poidan adquiri-lo coñecemento da lingua e da cultura das Illes Balears.»

45. A disposición transitoria sexta pasa a se-la disposición transitoria terceira. O número 2 pasa a te-lo seguinte texto:

«2. Para garanti-lo financiamento dos servicios antes referidos crearase unha comisión mixta paritaria, Estado-Comunidade Autónoma, que adoptará un método dirixido a fixa-la porcentaxe de participación prevista no artigo 60 deste Estatuto. O método que se debe seguir terá en conta tanto os custos directos coma os indirectos dos servicios traspasados, e tamén os gastos de investimento que correspondan.»

46. A disposición transitoria sétima pasa a se-la disposición transitoria cuarta. Os números 1 e 4 quedan redactados da seguinte maneira:

«1. As leis do Estado relativas a materias transferidas á Comunidade Autónoma seguirán en vixencia mentres o Parlamento non aprobe una normativa propia. Corresponderalle ó Goberno da Comunidade ou, de se-lo caso, ós Consellos Insulares, a aplicación daquelas.»

«4. Mentres non se constituíse a Sindicatura de Comptes, o Goberno das Illes Balears, nun prazo de tres meses a partir da data de peche dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, deberá presentarlle ó Parlamento das Illes Balears, para a súa aprobación correspondente, unha conta de liquidación do orzamento citado de ingresos e de gastos.»

47. A disposición transitoria novena pasa a se-la disposición transitoria quinta. O número 4 queda redactado da seguinte maneira:

«4. Os acordos da Comisión Técnica Interinsular tomarán a forma de proposta ó Parlamento das Illes Balears, o cal, de se-lo caso, as aprobará mediante unha lei que terá vixencia a partir da publicación no "Butlletí Oficial de les Illes Balears".»

Artigo segundo.

Quedan suprimidos o número 3 do artigo 26, o artigo 30, as disposicións transitorias primeira, segunda e terceira, os números 2 e 3 da disposición transitoria quinta, os números 5 e 6 da disposición transitoria sexta, e as disposicións transitorias oitava e décima da Lei orgánica 2/1983, do 25 de febreiro, do Estatuto de autonomía das Illes Balears, modificada pola Lei orgánica 9/1994, do 24 de marzo.

Artigo terceiro.

Engádenselle ó Estatuto de autonomía das Illes Balears os artigos e o capítulo referidos nos números seguintes:

1. Incorpórase un novo artigo no capítulo IV «Os Consellos Insulares», despois do artigo 37, que ten o contido seguinte:

«Artigo 38:

En caso de convocatoria de eleccións ou de disolución do Parlamento, os deputados e conselleiros dos Consellos Insulares continuarán exercendo os cargos que desempeñen nos Consellos dos cales formen parte ata que se constituíse o novo Consello Insular.»

2. No título III «As institucións da Comunidade Autónoma» créase un novo capítulo que terá o número V, coa seguinte denominación: «Órganos de consulta e asesoramento», despois do artigo 40.

3. No capítulo referido no número anterior, créanse dous novos artigos co texto que a continuación se transcribe:

«Artigo 41:

1. O Consello Consultivo das Illes Balears é o superior órgano de consulta da Comunidade Autónoma das Illes Balears.

2. O Consello Consultivo estará integrado por sete xuristas de recoñecido prestixio, tres dos cales serán elixidos polo Parlamento mediante o voto favorable das tres quintas partes dos deputados.

3. Unha lei do Parlamento regulará a súa organización e funcionamento.

Artigo 42:

1. O Consello Económico e Social das Illes Balears é o órgano colexiado de participación, estudo, deliberación, asesoramento e proposta en materia económica e social.

2. Unha lei do Parlamento regulará a súa composición, a designación dos seus membros, a súa organización e as súas funcións.»

4. No capítulo VI «O control dos poderes da Comunidade Autónoma» incorpórase un novo que pasa a se-lo artigo 46, co texto seguinte:

«1. Sen prexuízo das competencias que lle correspondan ó Tribunal de Contas, a Sindicatura de Comptes é o órgano ó cal lle corresponde a fiscalización externa da actividade económica, financeira e contable do sector público das Illes Balears.

2. A Sindicatura de Comptes estará formada por tres síndicos, elixidos polo Parlamento por maioría de tres quintas partes dos deputados.

3. Unha lei do Parlamento regulará o seu funcionamento e organización.»

5. No título IV «A organización xudicial» créase un novo artigo que pasa a se-lo artigo 57, co texto seguinte:

«As ternas que o Parlamento debe presentarlle ó Consello Xeral do Poder Xudicial para o nomeamento dos maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza das Illes Balears, requirirán unha maioría favorable das tres quintas partes dos deputados.»

6. Introdúcese no título V «A facenda, o patrimonio e a economía» un novo artigo, que pasa a se-lo artigo 68, co texto seguinte:

«Para o desenvolvemento e a execución das súas funcións e competencias, os Consellos Insulares gozarán de autonomía financeira, a cal deberá respecta-lo principio de suficiencia de recursos para garanti-lo exercicio adecuado das competencias propias.»

7. Incorpórase no título V «A facenda, o patrimonio e a economía», un novo artigo que pasa a se-lo 69, co texto seguinte:

«Os recursos dos Consellos Insulares estarán constituídos por:

1. Os recursos propios, establecidos para os Consellos Insulares pola lexislación estatal como entes de Administración local.

2. Os que se determinan nas leis de transferencias, como financiamento provisional das funcións e servizos que se transfiren.

3. As subvencións e transferencias de capital establecidas por lei do Parlamento.

4. A participación no financiamento da Comunidade, en proporción ás competencias autonómicas que os Consellos xestionan como financiamento definitivo.

5. As transferencias procedentes do Fondo de Compensación Interinsular, de acordo coa distribución que estableza a lei do Parlamento.

6. Calquera tipo de ingresos que poida obterse en virtude das leis.»

8. No título V «A facenda, o patrimonio e a economía» créase un novo artigo, que pasa a se-lo artigo 73, co texto seguinte:

«Para os efectos de concreta-lo que dispón o artigo 60, e de forma especial a participación territorializada das Illes Balears nos tributos xerais que se determinen e as condicións para a aprobación de recargas sobre tributos do Sistema Fiscal Xeral, no marco do que dispón o artigo 157.3 da Constitución e na lexislación que o desenvolva, a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma das Illes Balears subscribirán un acordo bilateral que se formalizará en comisión mixta e que poderá ser revisado periodicamente de forma conxunta; deberá ter en conta o esforzo fiscal das Illes Balears e atenderá singularmente ós criterios de corresponsabilidade fiscal e de solidariedade interterritorial.»

9. Introdúcese no título V «A facenda, o patrimonio e a economía» un novo artigo, que pasa a se-lo artigo 74, co texto seguinte:

«1. Sen prexuízo do que dispón o artigo anterior, a participación anual da Comunidade Autónoma das Illes Balears nos ingresos do Estado a que se refire a letra f) do artigo 60, negociarase atendendo os criterios que fixe a lexislación de

desenvolvemento do artigo 157 da Constitución, e calquera outro que permita garantir, con suficiencia e solidariedade, o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma.

2. A porcentaxe de participación unicamente poderá ser obxecto de revisión nos seguintes supostos:

a) Cando se amplíen ou reduzan as competencias asumidas pola Comunidade Autónoma e que anteriormente realizase o Estado.

b) Cando se produza a cesión de novos tributos.

c) Cando se leven a cabo reformas substanciais no sistema tributario do Estado.

d) Cando, transcorridos cinco anos desde a súa entrada en vigor, sexa solicitada a dita revisión pola Administración xeral do Estado ou pola Comunidade Autónoma.»

Disposición adicional quinta (nova).

Propónse a adición dunha nova disposición adicional, a quinta, que terá a seguinte redacción:

«A celebración de eleccións atenderá o que dispoñan as Cortes Xerais, co fin exclusivo de coordina-lo calendario das diversas consultas electorais.»

Artigo cuarto.

Os artigos que se relacionan a seguir, que non foron modificados, pasan a te-la seguinte numeración:

O número 4 do artigo 26 pasa a se-lo número 3 deste artigo.

O artigo 34 pasa a se-lo artigo 33.

O artigo 35 pasa a se-lo artigo 34.

O artigo 37 pasa a se-lo artigo 36.

O capítulo V «A Administración pública das Illes Balears» pasa a se-lo capítulo VI.

O artigo 41 pasa a se-lo artigo 43.

O artigo 42 pasa a se-lo artigo 44.

O capítulo VI «O control dos poderes da Comunidade Autónoma» pasa a se-lo capítulo VII.

O artigo 43 pasa a se-lo artigo 45.

O capítulo VII «O réxime xurídico da Comunidade Autónoma» pasa a se-lo capítulo VIII.

O artigo 44 pasa a se-lo artigo 47.

O artigo 45 pasa a se-lo artigo 48.

O artigo 46 pasa a se-lo artigo 49.

O artigo 47 pasa a se-lo artigo 50.

O artigo 49 pasa a se-lo artigo 52.

O número 2 do artigo 51, que pasa a se-lo artigo 54, pasa a se-lo número 3.

O artigo 52 pasa a se-lo artigo 55.

O artigo 57 pasa a se-lo artigo 61.

O artigo 58 pasa a se-lo artigo 62.

O artigo 59 pasa a se-lo artigo 63.

O artigo 60 pasa a se-lo artigo 64.

O artigo 61 pasa a se-lo artigo 65.

O artigo 63 pasa a se-lo artigo 67.

O artigo 64 pasa a se-lo artigo 70.

O artigo 65 pasa a se-lo artigo 71.

Artigo quinto.

A denominación de Illas Baleares no título, o preámbulo e tódolos artigos do Estatuto de autonomía nos que figure, será substituída pola de Illes Balears.

Disposición transitoria única.

A modificación do réxime de incompatibilidades e o dereito a renunciar ós cargos de deputados ou conselleiros insulares que se prevé no artigo 37 non lles será de aplicación ós deputados nin conselleiros insulares da IV lexislatura.

Disposición derradeira única.

A presente reforma do Estatuto de autonomía entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 8 de xaneiro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

459 LEI ORGÁNICA 4/1999, do 8 de xaneiro, de reforma da Lei orgánica 4/1983, do Estatuto de autonomía de Castela e León. («BOE» 8, do 9-1-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de autonomía de Castela e León, aprobado pola Lei orgánica 4/1983, do 25 de febreiro, foi modificado pola Lei orgánica 11/1994, do 24 de marzo. Esta reforma só consideraba aspectos competenciais incluídos nos seus artigos 24, 27, 28 e 29, e a introducción dun novo artigo 27 bis relativo a competencias sobre educación.

O Pleno das Cortes de Castela e León, na súa sesión do día 12 de decembro de 1996, aprobou unha resolución, consecuencia do debate de política xeral sobre a Comunidade, pola que se creou, no seo da Comisión Permanente Lexislativa do Estatuto, unha ponencia con representación de tódolos grupos parlamentarios da Cámara para o estudo e, se for o caso, proposta de reforma do Estatuto de autonomía de Castela e León no marco da Constitución española.

A presente proposta de reforma do Estatuto de autonomía, froito dos traballos da dita ponencia, non só afecta o ámbito competencial senón que afonda na capacidade de autogoberno da Comunidade.

Artigo único.

Os preceptos da Lei orgánica 4/1983, do 25 de febreiro, do Estatuto de autonomía de Castela e León, modificada pola Lei orgánica 11/1994, do 24 de marzo,

de reforma do dito estatuto, quedan redactados do seguinte xeito:

1.º Artigo 1. *Disposicións xerais.*

«1. Castela e León, como expresión da súa identidade propia, de acordo coa vinculación histórica e cultural das provincias que a integran, e en exercicio do dereito á autonomía recoñecido no artigo 2 da Constitución, constitúese en comunidade autónoma conforme esta e o presente estatuto, que é a súa norma institucional básica.

2. A Comunidade de Castela e León é a institución na que se organiza política e xuridicamente o autogoberno da Comunidade Autónoma.

3. A Comunidade de Castela e León ten plena personalidade xurídica nos termos da Constitución e conforme o presente estatuto de autonomía.»

2.º Artigo 2. *Ámbito territorial.*

«O territorio da Comunidade de Castela e León abrangue os municipios integrados nas provincias de Ávila, Burgos, León, Palencia, Salamanca, Segovia, Soria, Valladolid e Zamora.»

3.º Artigo 3. *Sede.*

«1. Unha lei das Cortes de Castela e León, aprobada por maioría de dous tercios, fixará a sede ou sedes das institucións de autogoberno.

2. A Xunta de Castela e León determinará a localización dos organismos ou servizos da Administración da Comunidade, atendendo a criterios de descentralización, eficacia e coordinación de funcións e á tradición histórico-cultural.»

4.º Engádesse un artigo novo:

«Artigo 4. Valores esenciais.

1. A lingua castelá e mailo patrimonio histórico, artístico e natural son valores esenciais para a identidade da Comunidade de Castela e León e serán obxecto de especial protección e apoio, para o que se fomentará a creación de entidades que atendan ó dito fin.

2. Gozarán de respecto e protección a lingua galega e as modalidades lingüísticas nos lugares en que habitualmente se utilicen.»

5.º O actual artigo 4. Emblema e bandeira, pasa a se-lo artigo 5. Símbolos da Comunidade.

«1. O emblema ou brasón de Castela e León é un escudo timbrado por coroa real aberta, escuartelado en cruz ou contraescuartelado. O primeiro e cuarto cuarteiróns: sobre campo de gules, un castelo de ouro ameado de tres ameas, mampostado de sable e clarado de azur. O segundo e terceiro cuarteiróns: sobre campo de prata, un león rampante de púrpura, linguado, uñado e armado de gules, coroado de ouro.

2. A bandeira de Castela e León é escuartelada e agrupa os símbolos de Castela e León, conforme se describiron no punto anterior. A bandeira ondeará en tódolos centros e actos oficiais de Comunidade, á dereita da bandeira española.

3. O pendón está constituído polo escudo escuartelado sobre un fondo carmesí tradicional.

4. Mediante decreto da Xunta regularase a utilización e o deseño da forma e dimensións dos símbolos da Comunidade.

5. Cada provincia e municipio conservarán as bandeiras e os emblemas que lles son tradicionais.

6. A Comunidade Autónoma establecerá o seu himno mediante lei específica.»